

A ROSA TERRA

IDEARIUM
DAS

IRMANDADES
DA FALA



ANO XII

N. 251

25 de Xulio de 1928

CAMILO DIAZ

BANCO PASTOR

Casa fundada
en 1876

Capital suscrito,

17.000.000

Capital desembolsado,

8.500.000

A CRUÑA - VIGO - LUGO - OURENSE - FERROL - VIVEIRO - SARRIA - MONFORTE - TUY - ESTRADA
CARBALLO - MUXÍA

ZINCKE HERMANOS

LIBREIRÍA

PAPELEIRÍA

IMPRESA

Cantón Grande, 21 -- Estrella, 37

A CRUÑA

PAULINO FREIRE
BOUZAS — VIGO

Sucursales: na Cruña - Ferrol

*Redes d'algodón para tarrafa Aparellos armados e
en panos, para barcos pesqueiros. Malletas de abaca
e cáñamo alquitranado-Cables de aceiros, ingleses
Aceites xenerais e vexetaes, e surtido completo para
maquinaria e pesca.*

SAITA LUCÍA, 26 e 28

A CRUÑA

A superioridade dos CALZADOS SENRA

Abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais
o procedere d'unha industria galega,

HONRA DA NOSA REXIÓN

obriga á non gastar outros á cantos sinten amor pol-a sua Terra

Fábrica: Avenida da Granxa -- A CRUÑA

DESPACHOS: Cantón Grande, 15 - A CRUÑA -- Real, 110 - FERROL, - Príncipe, 9 - VIGO

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Administración

Rúa Real, 36 - 1.º

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XII



25 de Xulio do 1928



Núm. 251

AO DECORREL-OS DIAS

«Día de Galicia». Resume de emocións e arelas cotidiáns. Renovación de patrióticos votos. A esperanza e a fé a rebulir nos beizos. Os brazos e o cerebro intensificando o seu laborar, a súa patriótica produción ofrendada á Patria. Unha ollada atrais para ollar o punto de partida. Os ollos vixiantes, esculcando o porvir que xá encetou o seu abrente lumioso. A xisión da vella Galicia, indiferente a si mesma. A da Galicia actual recuperando o seu patrimonio. O comenzo da Galicia nova en xurdía amostración de cultura e patriotismo. A satisfacción do deber cumprido nos «bós e xenerosos». A ledicia pol-o éxito, maior cada día, que estripou o camiño dos incoementes e dificultades. Nos antes indiferentes o decatamento do fenómeno nunca soñado. A necesidade de colaborar na tarefa. No final; un paso mais que Galicia xa deu no seu camiñar cara o seu verdadeiro día. O gran «Día de Galicia», do trunfo xa conquerido, de libertade.

A bibrioteca universitaria galega áchase ameazada de morte. Pol-a mala instalación que teñ. Os libros, pol-a aición da humedade, esváense apodrecidos. Voces patrióticas deron a alarma. A nosa non pode faltar e pedimos, mandamos a quen compre que tome inmediatamente as medidas necesarias para coutar con tempo a fatal desaparición da bibrioteca. Non facelo así sería un crime de que teríamos que nos acusar todos e un baldón encol do bon nome de galegos que con unha indiferencia bárbara, salvaxe, noxenta deixan secar as suas fontes de cultura. Velemos por elas e pol-a propia estimación.

Alguén propuxo que durante a semán de Sant-Iago cada galego dera unha peseta para o Patronato universitario. Xa ficaron citadas as grandes cousas que se poderían facer. ¿Quén pode non considerar maravillosa a idea? Ahí vai a nosa peseta e o noso aprauso ao iniciador.

O CAMIÑO LONGO

Dous anos poden ser moito para a vida d'un home. Para a vida d'un pobo non son nada. Para a vida d'un pobo sinifican apenas dous segundos. Menos ainda, considerados na eternidade do tempo, que o escentileo súpeto d'un lóstrego.

Quenes nono pensen asin, cecais sexan sin eles dárense conta uns verdadeiros egoístas.

Mais dous anos sin libertade política podèn ser fecundos para o conquerimento da libertade interior, da libertade das nosas almas individuais. E isto xa é moito. Que sin a segunda crás de libertade, a outra pouco importa.

Pensem, pois, no millor aproveitamento posíbel d'eses dous anos de vida exterior difícil en beneficio do sagro ideal que levamos alcesado no cáliz do corazón. Diámonos conta de que temos pecado moito por erro—fillo da inesperencia e do amor propio—e á facer ensamen de conciencia, á prepararnos para a loita futura, á sementar como se poida a devoción á terra, fuxindo de persoalismos e d'outros ismos perigosos.

Que cando chegue o Día de Galiza do 1930 todol-os que comun-gamos no Ideal Supremo, na grande Obra que alumeou o espírito dos Precursores achémonos xunguidos n'unha unidade de ferro.

Non importa que, d'aquela, haxa algúns valeiros nas filas dos bós e xenerosos causados pol-o transfuxio dos arrivistas. A encheiros virán xentes novas. E cand'a nós estas novas xentes, seguiremos o camiño longo e espiñento guiados pol-o tremelucir do feixe d'escolleitos que levan a estrela na frente.

Non abonda con facer literatura deshumanizada e mimética. Hai que facer literatura racial. Hai que chantar o tirso da inquietude enxebre no corazón da terra mediatizada, onde durme o espírito orixinal un soño de séculos escravizadores. Hai que pôr o «ego ipsisimus» en estado nacente, fuxindo dos cantos de sirena do snobismo e da moda. Hai que librarse das Sirenas que levan engaioladoramente ô náufraxio do propio, non ô xeito de Ulises, atándose ô mastro do navío e pondo cera nos ouvidos, senón á maneira d'Orfeo, cantando cántigas nosas, levando nos beizos e ceibándoas pol-o ar cántigas cheias do recendo e do ritmo da terra. A simbiosis do pobo co'a «élite», que sempre foi primeiro que a torre de marfil. Cando xurde n'un país a torre de marfil é que xa o país leva moitos anos de feito e dereito. Iste ensino nos ofrece a Historia e contra d'él non é posíbel rebelarse. E ¡ai dos que coiden o contrario! porque merecerán sin dúbida a maldición da terra. Inda estamos lonxe de ter esgotadas as verdades de primeira man que deitan das bocas dos nosos vellos petrucios.

ANTON VILLAR PONTE

DELTEIL E MISTRAL

Coido que Delteil, o tan discutido autor de *Jeanne d'Arc*, non pasará antre os novos esquirtores, por un espírito mezquiño e retrógrado. Si non na estrema vanguardia,—¿quén será capaz na frebe de novidades que nos atafega, de sinalar postos que respondan á derradeira moda literaria?—ben pode figurar na vanguardia aquel novelista francés que, en poucos anos, consígueu adquirir un nome de outa estima universal.

Pois Delteil consagra nas *Nouvelles Littéraires* (1), modelo como é sabido, da *Gaceta Literaria*, un artigo ó gran poeta da Provenza, Federico Mistral. E afirma n-él cousas de tal xeito, que farán tolear ós inúmeros parvos pra quenes esquirbir n-unha lingua rexional é algo así como enterrarse literariamente en vida, pois coidan que canto n-ela se dí queda pra sempre iñorado da maor parte das xentes.

Non é posibre gabar a ninguén como gaba Delteil ó autor de *Mireya*. Pra él é Mistral o mais grande realista do mundo: pol-a intelixencia irmán e igual de Santo Tomás; o Goethe francés, pro de mais amprítu prástica que o alemán, un Goethe completamente pastoral e campesío. E afirma rotundamente, que si un día unha Esfinxe decretáse o aniquilamento da literatura francesa e antre tantos xenios consagrados á destrución se lle permitise salvar un, soilo un, él sería de opinión que se salvase á Mistral. «Esta (añade) é unha proba soberana: facede a esperencia con outro calquera gran esquirtor».

Porque «soilo Mistral é biblia e pan... Responde á unha necesidá da natureza... Non somente adorna o espírito; aliméntao tamén».

¿E cal é o mérito excepcional que pon ó insine felibre no outísimo lugar onde o coloca Delteil? «A gloria esencial de Mistral—dí o autor de *Jeanne d'Arc*—é haber creado unha lingua e por ela e á través de ela, unha... (atrevereime a esquirbil-a frase), unha patria. Por él e en él, dez millós de homes adequiriron concencia da sua etnicidá, da sua unidá. E esto antre a raza mais divisibre e anárquica do mundo, antre esa horda mediterránea acampada nas márxes de Francia, á boa de Dios, na orela do río mais escéntrico. Ben enérxica e coerente tiña que ser a saliva de Mistral pra ligar así un pobo sin testa, pra dar alma e eixo ó caos».

N-ese tono de franca admiración continua Delteil falando de aquel gran poeta, á quen a lingua rexional sirveu de áurea vistidura en que envolveu, pra botalos ó mundo, os nobilísimos fillos do seu portentoso iñxenio. ¡E pensar que en Vilacativa e en outras pobraciós do mesmo fuste, inda hai graves señores e rapaces de *vanguardia*, a quenes o galego parécelles miudo instrumento pra espresar as xeniales concepciós con que enchen as columnas do xornal da sua localidá, e que nin esquirtas en castelán son lidas en ningures!...

SALVADOR CABEZA DE LEÓN

Compostela, no mes de Santiago de 1928.

(1). Número de 24 do pasado Marzal.

SUSCRÍBASE a "NÓS" e UN ANO, 6 PESETAS
"A NOSA TERRA"

NO DÍA

Un artigo de Lustres Rivas no «Faro de Vigo», cheo de inquietude como seu, fíxome pensar no caso. A intuición e a sensibilidade de Lustres tecen unha antena que zoa co-as vibracións sinificativas dos feitos mais sinxelos. En acción esta T. S. F. as chamadas de Lustres van de tempo en tempo como agora dirixidas ós intelectuaes galegos.

Non sei ben o que é un intelectual, nin quenes son os intelectuaes galegos, mais pol-o menos como bachiller do antigo plán sítome con dereito á recoller a batelada.

Como noutrora, dóese Lustres Rivas do leixamento do pobo en que viven os intelectuaes galegos d-hoxe. Leixamento do pobo quer decir, apartamento da vida, respiración n-unha atmósfera de fautoría, de lembranzas, arqueoloxías e maxinacións, namentres siguen os seus carreiros inevitables as vilas, as aldeas, os homes. A vida social económica e política ferve na Galiza como no mundo e somella que pasa pol-a beira da *Turrís eburnea* do intelectualismo galego.

Coido que é xusta tal observación de Lustres Rivas e que non se pode calar diante das suas parolas. Dende 1921 a acción galeguista péchase en sí mesma, mantense da sua propia carne, e a intensidade dos seus traballos perde en forza vital e mais en fecundidade cidadán. Fortifícase a conciencia do pasado e esmorece a persoalidade actual e a vountade do futuro.

Os tempos das Irmandades da Fala, Irmandades rexionalistas, e Coros galegos, tempos variles, heróicos pasaron. As Irmandades devalaron nos bizantinismos e xenreiras tan nosos, fermosas Irmandades que non se poden esquecer, fontes de acción e de ideal. Os Coros convertíronse en festeiros de todol-os *Segismundos*, *vermouts* de todo xantar político de calquer política.

Agora os tempos galeguistas son tempos centíficos. A galeguización da nosa cultura é un feito saínte. A obra do Seminario de

Estudos Galegos non ten par en toda a historia de Galiza. É un miragre o esforzo persoal, o acerto que leva ós traballadores do Seminario á arranxar obras perfectas, refacendo a nosa historia, axustando a prosa d'un xeito definitivo, esbigoando os mais lonxanos rincunchos. Pro de par de esta galeguización crecente da cultura está a desgaleguización metódica da vida galega, que dende 1921 non se detén un instante. Son dous procesos paralelos de movemento inverso, qu'a nosa conciencia galeguista ten que mirar fit'á fite, pra lle por remedeo urxente, si é qu-aínda hai un feixe de galegos que se interesan pol-a Galiza galega do porvir.

Parece que hoxe estamos facendo somentes o inventario da herdanza d'un morto. Parece que temos prèsa de recoller o que se vai pra non volver, dubidando dos novos froitos, e temendo qu'os fillos esquezan logo a nai. Fermosa obra de amor, santo traballo d'unha raza que leva na sangue o culto ós mortos. Pero a vida é mais: é traballo en sosego e loita tamén, enfeixar os froitos e espallar a semente, serenidade no pensamento e quentura vital.

E os mozos? Uns están nas bibliotecas e nos laboratorios, no mundo da cultura e ben están alí xermolando as esperanzas, agarrando o ideal. Outros dín qu'están en *avant-garde*. Non sei de cara á que cousa está esa *avant-garde* sin ideal, nin onde bule esa mocidade que non se topa nas rúas, nin nas corredoiras, nin nas bibliotecas, nin nos museos. Mocidade xa velleira, que fai estalar os seus foguetes de arrivismo, mocidade que vive da rexouba, que non soupo mais que rinchar os dentes pra querer morder ós bós, e berrar os seus nomes nos diarios pra se manter da propia loubanza. E lonxe do circo intelectual, a vida galega decorre e chama por todos.

Alá en América... Alá en América a fonte da desgaleguización bota á eito. Alí se afían

os fouciños que veñen logo a segar as raíces da alma galega. É total a incomprensión d'aqueles que se creen mais *progresivos* e mais galegos. Pra redimir a Galiza pensan sobre de todo no anticlericalismo e co-él fan unha mistura de socialismo español, comunismo ruso e masonismo american, cocidos nos fornos de infindas sociedades, sub-sociedades e *pros*. Todo novo, moi novo. ¡Canto progreso, meu Deus!

E namentres as xentes vanse á aquelas terras do persoalismo, e do dollar. E namentres as mulleres galegas vanse e non pra se redimir.

Os problemas da familia labrega dos cultivos, da industrialización da agricultura, da vida cidadán, da dinidade galega, e sobre de todo o da educación n-unha fonda espiritualidade, non se sinten alá... Aínda non se decataron de esa verdade tan sinxela que nos dí que dentro de nós mesmos está a verdadeira fonte de humanidade, que pra qu'o mundo sexa millor é perciso que nós sexamos millores, qu'o door do mundo é a suma de doores dos pobos...

Á beira da grande, forte, serea e indispensable obra do Seminario de Estudos Ga-

legos, cumpre unha sementeira de ideaes vivos, unha preocupación cremante pol-os feitos relixiosos, sociaes e cidadáns, sementeira dos mais limpos degaros, de Fé e de Vountade. Qu'a vida ampare á cultura, e hoxe mais que nunca, xa que tamén unha mainiña, soave venteira de terra adentro comenza a querer traballar a desgaleguización da nosa cultura.

Os tempos están pra os mellores esforzos. É unha actitude ben cómoda, a do sosego, ou a da raposeiría, botando a culpa dos males á unha dictadura ou á unha forma política calquera. Non. As situacións políticas todas non veñen a ser mais que a expresión exterior d-unha doenza, d-unha necesidade ou o portelo por onde comenza unha nova actividade social. Por dentro da forma exterior sigue a vida os seus regueiros e as suas trasformacións, sin que un día se pareza a outro día nas suas horas, anque as necesidades, as ilusións, os doores e os fins dos homes sexan os mesmos.

Pontevedra-16-Santiago-1928.

A. LOSADA DIÉGUEZ.

DO MAR, NAS RIBAS FRAGOSAS

É cuestión de querer. Toda a nosa psicoloxía—d'arriba abaixo—trócase por forza de vontade. N'ela, nas roitas que trace, pechado n'ese magazín da alma, esta o Deus que vence o Destino—divindade á quen os deuses maores do Universo viviron sometidos.

Cân a pico os rochedos, cortados, ingentes barrendo o espazo. No fondo as revoltas augas amarelas, desfanse en pancadas zoadoras. Medrando, inzadas, escumando ao vento, avanzan as ondas ao asalto. Tremen os cóns. Unha faixa de choiva. Pol-o sur, cerrazón de vendaval.

Hai que saír ao mar! Alá está o pan e a aventura.

As ondas fan coba e cumio. O mesmo erguen, que aplastan.

Aferrados os rizos, a berga na pia, aproando o vento, antre nubes d'auga escachada, brinca a lancha, descubriendo a quilla, batendo como mallo no lombo do mar. Ja somella juguete, cortiza mol, ja endereita o rumbo teimosa, en busca de calada farturenta, na serra submarina do Norte, nas enfilazóns do Fisterre.

Na cuberta, afundida, arroiante, está o

patrón e un rapás. No ápice do palo volteando livián, anda a lus de San Telmo.

Soledade, apartamento, desamparo n-un vórtice de furia. A individualidade northeña na súa inteira forza. Ren de mais grande que a orfandade no «home».

Acunada nas vagas, unha voz limpa machaca unha canción mariñeira.

Os compañeiros, encollidos na tilla, dóense de medo. N'os silenzos patéticos da tormenta sítense os seus laios. De verdade, que estrucha un pouco o espírito aquel baile infernal na obscuridade. Catro táboas n-un trebón de desespero. Axiña rolan os corpos de babor á estribor, d'adiante atrás; tan logo están deitados, como de pé.

Os ollos engrandecen o perigo que non ven. A ceguedade fai dos homes nenos.

Namentres, o rapás non sal da cantinela —«Listo, listo, á virar por avante»—repiten unha e outra vegada cadencias de frauta.

Mozos! Botade fora! Cómenos o mar! O timón perde as augas! Hai que meter os remos!

A resposta é lamento mais que protesta.—Minha muller! Meus fillos! Minha casa! Adeus terra querida! (choros sen bágoas, de ar ritual, como o pranto dos enterros).

Jura e ameaza o patrón, e cada un ocupa o seu posto. Cesou a salmodia de laios. Os corpos téndense no compás da boga. A voz aguda do rapás canta amodiño: «listo, listo á virar por avante».

Nun tempo: unha racha terral, un estrondo, o palo que se ven abaixo, os zapatazos da lona, o patrón ferido, e aquil compañeiro, o mais témero que se quedara en popa como posto de abrigo, saltando ao timón, patroneando a barca.

Ameaza e jura mais que o outro, e cando consegue que arranque a nao e tome goberno, dispón a manobra con plea autoridade, sabia e calmosa.

Outra vez o palo arriba, e a vela ao ar. Se o vento redobra a ira, hai unha vontade tamén dobrada para se facer co él, para ir avante.

Non creo moito nos refráns. A metade d'eles pásano de moda. Son d'outro tempo. Endeben é certo que os galegos percisan se ver en mando para que se coñeza o que teñen dentro.

¿Porqué ha sernos necesaria esta sugestión do lugar que ocupamos para que aparezcan as nosas calidades de valer?

¿Porqué hamos de nos presentar como nenos, cando somos homes?

¿Non sería millor guindar c'os vellos farrapos e descubrir o inteiro gran corazón que levamos dentro?

Abondaría quereremos.

Barcelona.

PORTELA VALLADARES.

Cabaleiros de Sant-Iago

Unha crara mañán medioeval n'un castelo cinguido pol-as correntes do Ulla, un fato de fidalgos destemidos, de forte brazo e limpo corazón, criaron pol-o xuramento sobr'a crús das espadas, a orde militar dos Cabaleiros de Sant-Iago. Dílles a Santa Eirexa Regra Mística e confiaron n'eles os pelin-

gris que chegaban de todol-os rumbos do hourizonte pra axionllarse na coba galega do Apóstolo de Cristo.

Fixeron moito ben e a súa espada centileou como un lóstrego de consolo pr'os bós, de medo pr'os malos. Mais andando os tempos a idea nai foise esquencendo. Perdeu

aquela fidalga misticidade, alonxouse da Terra e trasprantouse en logares estranos. O propio Apóstolo, homilde e pelingrín, adornado de victras mariñas, amigo dos gafos e dos servos, foise voltando aseguín a idea das xentes n'un terrible guerreiro, que calcaba os inimigos c'os pés do seu cabalo coma un Rei d'Israel.

Sempre ficou unha lembranza da catredal galega e nos instantes de perigo os cabaleiros, coma D. Francisco de Quevedo, invocaban a santidá dos orixes da Orde. Mais o verdadeiro Apóstolo, e a súa coba galega, e o seu amor pol-os homildes foron ergueitos por outros homes que sin espada nin xuramento, mantiveron limpo o camiño de Sant-Iago e a devoción da terra escolleita. Poetas, artistas, esquirtores. Homes outros, que preferiron o pazo á vila, que esculcaron os temas eternos de Galiza e déronlle o lugar que lle corresponde na xuntanza dos pobos cristiás.

Pois toda grandeza de Galicia, remanece

en loubanza do Apóstolo. Os bós e xenerosos de todol-os tempos e especialmente dos tempos de loita dos séculos XIX e XX non son os verdadeiros cabaleiros de Sant-Iago. Leván esquirtos no curazón e na frente as leises da Orden que n'eles se fai Misticidade trunfadora do esquecemento. Ergueron o culto da Nai Galiza e cando entran na Catredal os santos románicos sorrídenlle gariñosos decíndolles unha inmorrente verba de benvida. Si non teñen coba nas capelas Metropolitanas están sadisfeitos da súa tumba da beiramar, do val ou da montana pois pra eles toda Galiza é un tempro. Si non se xuntan en capídeo a unanimidá dos sentimentos dalles a forza d'unha poderosa cofradía. Si non teñen espada centiledn as verdás nos seus esquirtos e saben trunfar dos inimigos do esprito da Terra. Algún día xuntaránse ô pé das mainas correntes do Ulla pra saír mais fortes á loitaren contra os inimigos de fora e os infieis de dentro.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

LEMBRANZA

Cúmprese agora n'este mes novos aniversarios da morte da nosa Santa Rosalía e do inequescente e sabio mestre Xohán Viqueira. Duas figuras que no actual rexurdimento galego ocuparon lugar destacado co seu elevado patriotismo e co'a súa obra literaria admirabile.

Rosalía valor inmenso que todo o mundo acata e toda Galicia venera e Viqueira desaparecido cando xa tiña realizado labor formidabile que a morte truncou no momento en que mais realizaba e mais necesaria facíase.

Para cada unha d'estas duas figuras que honran a historia do noso pobo e prestíxian a antoloxía dos nosos valores teñamos hoxe unha sentida lembranza pol-a nosa parte mais cordial do que as verbas poden expresar.



VELAHI á Mateo, ô mestre; o primeiro que fixo arte galega, o primeiro que puido berrar ¡Ei ollade pra Galiza! ¡vede, xentes do mundo enteiro a beleza da arte galega! ¡Ollade esto!... ffixeno eu, i-eu son galego!

E aquel home fixo o grorioso e xúrdio Pórtico; fixoo en harmonía cos seus tempos, e a pesares d'esto, sacudiu século tras século as almas das xentes de todas as terras que viñan á Sant-Iago.

¿Que a súa obra é galega? ¿que é netamente galega? Ninguén o dubida, ningún, coma non sexa un *erudito* dos do *novo xeito*, cargado de prexucios e fallo de verdadeiro senso do espírito galego.

Mateo, fixo arte galega, sin *panderetismo* e sin facer arte pra os *espíritus selectos*.

A arte de Mateo foi feita pra **todos**, e non se precisa ser *lila* nin *pinoca* pra o entender, e ver a súa xurdiá beleza; creio de min que seguramente, pertencendo a unha d'estas *clases*, e cando se non comprende.

E se non fíxense; Rosalía, Curros e Pondal teñen o seu lugar indiscutible e outo (na mesma liña de Mateo) entre os grandes inxenios da Terra. A labor d'eles, todo o povo o comprende e admira; pois ben, os *pinocas* fai uns días, afirmaban que non fixeran nada, nada e nada.

Claro que o *pinoca* quêr imital-o sapo.

E agora fágome eú esta pregunta ¿Pero é que o *pinoca* e mail-o *lila* pertencen ó povo galego?

Eu creio pra min, que non. Unha das características da nosa raza, é a *seriedade*, e quen a non ten, quen anda sempre, vivindo de *timitos* escribindo en *camelos*, non é dos nosos, nin pode ser galego, nin pode ter nada que ver en nada con nosco.

Dá verdadeiramente lástema, que xentes e institucións da nosa Terra deian *paso* a estes *mamalós*, i-é lamentable por moitas razóns; tal ves a mais poderosa, sen dúbida e o vivir d'espaldas á opinión, pois ó non dubide, quén dá tal amparo, que eiquí onde non enraizou o *pollo pera* mal pode enraizar o *pinoca*, pois éste e curmán d'aquel.

Trouxen esto á conto, ocupándome do Mestre Mateo, pol-o grande abismo que hay no proceder, de uns e outros.

Imitar a Mateo, é facer Patria, claro que imitar a Mateo non é pra todos; mais non admite dúbida, que a laboura nosa, ten que sere *seria*, *nosa* e *honrada*, sen poñel-os ollos n'outro lugar que na nosa Terra, e sen necesidá de ter que mentar un ruso, ou un polaco, ou un chino sempre, pra apoyal-as nosas cousas. *O noso, ten que ser afirmado no noso* como fan os que *valen de veras* hoxe, e os que valeron n'outros tempos.

Exemplo, a laboura do Mestre Mateo, é galega, e ten as súas raíces na nosa Terra.

A laboura de Asorey e de Castelao, é tamén galega e tampouco teñen apoio estranxeiro, é o que ó non faga así, ...malo. O que teña que buscar o seu precedente en *Timikoski* e en *Papanakuske*... malo... malísimo.

CAMILO DÍAZ BALIÑO

AS RECHINOLAS

*Bailan raiolas de sol
no inquedo lombo das augas;
o verde intenso rebrila,
antre fiaños de prata,
na transparencia do vidro
que as ondas levan na entrana.*

*Os cons, altivos, sereos,
inmóbles ollan e calan;
ollan pra o alén; ollan algo
que un fondo misterio garda.*

*Escóitase no silencio
do serán que prega as asas,
o bater do corazón
da paraxe solitaria.*

*Pálida, branca, como unha
ensoñadora pantasma
fuxida caladamente
d'algunha Santa Compañía,
a raíña da saudade
xurde ridente na calma
do curruncho silandeiro
en que se desfolla a ialma.*

*Dous paxariños tan sóo
alí revoían e cantan:
son os paxáros que gustan
da grandeza nobre e santa
que acouga nos penedás
e as furnas da costa brava.*

*Ríse o sol na lonxanía,
encalmado o mar descansa,
e no profundo silencio
da paraxe solitaria,
soío as dúas rechinolas
trafegan viven e aman.*

GONZALO LÓPEZ ABENTE

UNHA GRAN LABOURA

POL-O NOSO FOLK-LORE MUSICAL

Leemos en «La Comarca» o valente e patriota semanario de Ribadeo que dirixe o noso querido irmán Francisco Lanza unha noticia que pol-o seu fondo intrés debemos recoller.

Trátase de que hai uns días comenouse n'aquela bisbarra á recoller o folk-lore musical que encerra. Realizan esta laboura patriótica o distinto compositor e verdadeira autoridade na materia D. Eduardo M. Torner, e acompañao na sua nobre misión Xesús Bal o mozo escritor capacitadísimo n'estos asuntos musicales como tén demostrado diversas vegadas e encol de todo no seu notabre libro «Hacia el ballet gallego».

Torner e Bal levan recollido xa diversas cántigas populares d'un elevado intrés e continuarán a sua patriótica pelegrinaxe por toda a provincia hasta facelo por Galicia enteira.

Laboura como a que comentamos tén necesariamente que atopar agarimo en toda Galicia pois craramente xurde á vista os froitos maravillosos que pode dar. Precisamente é no aspecto musical onde anda mais descuidada a preocupación galeguista actual e non precisamos repetir os tesouros que encerra a nosa música popular. Compre pois que Torner e Bal atopen por onde vaian colaboración e facilidade para realizar o seu patriótico propósito.

Pol-a nosa parte recibimos a noticia con ledicia fonda e de todo corazón apraudimes aos señores Torner e Bal que con patriótico pensamento van á realizar unha obra constructiva e firme que son as que dán verdadeiro prestixio e benfeitores resultados en pró do rexurdimento de Galicia.

Lea vostede

Os Camiños da Vida

por R. Otero Pedrayo.

O noso novo Profeta

Ainda non fai moitos días que Antón Villar Ponte adicou algúns comentarios de moito intrés ó recente discurso de Mr. David Lloyd George encol do celtismo. Mais a cuestión ten pra nós un intrés tan fondo que quero tornar á comentalo n'un lugar tan axeitado com'as colunas de A NOSA TERRA.

Pode que endexamais fose tan necesaria como hoxe a influencia do espírito céltico no mundo. A maioría dos homes intelixentes sinten hoxe un grande desacougo, non están satisfeitos da orientación actual da nosa civilización, arélan, como en Italia, facer revivir a esencia espiritual de antigas culturas pra que sexa unha inspiración na vida de hoxe. Soílo os pobos asiáticos, China, Turquía, Afganistán, ademiran aínda o noso progreso, a nosa civilización materialista...

Entre total-as culturas europeas é a céltica, c'a grega, a mais diña de rexurdir, a que mellor pode servir de inspiración ós homes do noso tempo. Non é fácil facer unha definición do temperamento céltico, mais é ben craro que a fina sensibilidade, o idealismo, o amor ó arte e á natureza, a capacidade de dúbida e de soñar que carauterizan ós celtas, son todas elas cualidades que moito precisamos n'estes tempos de desconcerto social, ideolóxico e artístico, que Wells ten chamado tan xustamente a «Edade da Confusión». E ningunha cultura ten com'a céltica unha atraición tan grande pr'os homes sensíbles de todol-os pobos de raza celta.

É Inglaterra un dos poucos países que aínda siguen o seu camiño con algunha confianza. A súa vida nacional inspiranos certa sensación de continuidade, cecais porque ten gardado como poucas nacións o amor á tradición e ó pasado, no que tanta significación ten o elemento céltico. Por eso é natural que sexa un celta británico, Mr. Lloyd George, quen acaba de facer a defensa mais vibrante dos ideais célticos que se ten feito

nos nosos tempos. O grande estadista galés entende que o celtismo ten unha misión vital no día de hoxe, a misión de loitar contra o «Imperio dos Filisteos». Falando en Escocia dixo o ex-primeiro ministro británico estas verbas tan cheas de intrés:

«Crucei estas illas pra vir aquí, dend'o Océano Atlántico hasta o Mar do Norte, recorrendo terras qu'os celtas gardaron pr'a súa tradición e a súa raza... Defendimos a maxestade i-o esplendor da beleza d'estas illas contra todol-os inimigos durante miles de anos... En Gales loitamos valentemente pol-a cultura céltica... A cultura galesa é unha cousa viva... Loitamos pol-a fala do celta, as tradicións do celta e a misión e o mensaxe do celta pr'a humanidade... En Gales non temos vergonza de falar o noso idioma... Sentimos orgulo ó ver a expresión que n'él teñen atopado a través dos séculos os sentimentos mais fondos e mais nobres da alma humana... En Irlanda fan un enorme esforzo pra que rexurda a antiga cultura céltica. É un esforzo heróico e confío en en que Escocia fará o mesmo...

Non é este un intepto de dividir as Illas Británicas n'unha xeira de razas en loita. Quéresmolle tanto ó Imperio Británico como calquer descendente dos saxóns, dos daneses ou dos escandinavos... Mais a variedade de cores, cada unha propia da rexión onde naceu, dá forza e intrés ó conxunto... As cores mais carauterísticas d'estas illas son as célticas... Non creades que facendo ingleses de imitación dos galeses, irlandeses e escoceses ides unificar e fortalecer o Imperio. O resultado sería debilitalo...

Non vos falo como político, sinón como un celta que cree na tradición, na misión e no mensaxe dos celtas pr'a humanidade. Eso comenzou antes de nacer o primeiro partido político e o mensaxe vivirá aínda cando teña desaparecido o último partido. É porque así o creo que como celta galés suplico-

vos ós celtas escoceses que sexades fieles ás nosas grandes tradicións e ó noso traballo no mundo».

Estas verbas en boca de calquer visionario ou soñador céltico non terían grande importancia. Ditas por un dos políticos mais eminentes e prácticos da Gran Bretaña teñen unha significación enorme. Pr'os que coñecemos qu'o celtismo é unha cousa práctica e unha forza real as verbas de Mr. Lloyd George, resumindo de xeito tan admirabile a ideoloxía do rexionalismo e do celtismo, son unha axuda e unha inspiración, enchennos d'unha fonda ledicia. Son o feito mais importante na historia do celtismo dende que Matthew Arnold fixo, fai setenta anos, a súa valente campaña en defensa do espírito céltico na literatura... Demostran que o celtismo é unha cousa práctica e vital e non vaga aspiración. Coinciden ademais c'un verdadeiro momento de rexurdir céltico. En Irlanda, en Escocia, en Gales loitase pola cultura céltica c'un novo entusiasmo. Os irlandeses xa teñen a sorte de poder dirixir

os destinos da súa terra, e os escoceses e galeses pode ser que axiña se atopen na mesma feliz situación, xa que o Home Rule pra Escocia e mais pra Gales forma parte do programa dos partidos laborista e liberal...

Os galegos tamén temos a nosa parte, ceais mais pequena e mais difícil, na misión da que fala Mr. Lloyd George. As súas verbas elocuentes fán vibrar en nós unha emoción moi fonda. A orientación cara as terras célticas do Norte ten que ser unha parte esencial, a mais importante, do que poideramos chamar a nosa política exterior intelectual. Os trunfos dos celtas do norte son tamén en parte vitorias nosas. Ninguén nos pode roubar a ledicia de contemplar, cheos de esperanza, estes novos hourizontes do norte. Porque o celtismo como forza espiritual e cultural ten unha valiosa significación internacional que é o complemento esencial de todo rexionalismo intelixente, o que endexamais debemos esquecer.

PLÁCIDO R. CASTRO

ESPRICACIÓN DE UNHA PREFERENZA

Antre os nazionalistas das diversas terras que integran o Estado hespañol veu sendo opinión corrente, até fai pouco, — supoño que xa non-o será— a de considerare como accidental a forma de goberno, e de acordo con tal consideración se non incrinare por ningunha estimando que toda a atención e todo o esforzo se debía concentrare no problema preferente i-esenzal das reivindicacións patrias. Olladal-as cousas soio pol-a xerfa, parece que a razón non deixa de acompañare aos qu'eisí pensan. Mais, a pouco que se afonde, de camiño se decata un de que si as reivindicacións patrias son algo de trascendencia e de importancia sumas, non por iso deixa de selo asemade a forma de goberno pra os que de taes reivindicacións teñen feito o punto máisimo das súas preocupacións e os seus degoiros.

Innegabelmentes, tanto dentro de unha

república como de unha monarquía a limitación e aínda a privación de libertades nacionais ou rexionales poden seren grandes. Unha constitución ausurda, antinatural feita de costas aos mais elementales imperativos políticos e democráticos, o mesmo pode servire de carta fundamental n-un Estado que se cubra con coroa que n-un que se cubra cõ gorro frixio. Mais, emporiso, por forza hai que admitire que menos doado foi e será sempre -- os feitos eisí o dín e nada como eles pra aleccionarnos— atopare privación de libertades tanto colectivas como individuais— as primeiras sempre son consecuencia e resultado das segundas— n-unha orgaización estatal republicana que n-unha orgaización estatal de xeito monárquico. E sendo eisí, natural é que o que desexa o máisimo de liberdade pr'a súa patria, tendo en conta o manifestado, se incrine mais

pol-a forma republicana que pol-a monárquica.

Pro isto aparte, e descartando ise factor das probabilidades que sempre pode parecer algo eventual e fortuito, hai unha razón podeirosa pra que os nazionalistas, lonxe de se amostraren indiferentes pr'a forma de goberno, sintan sen vacilacións preferenza decidida por unha d'elas, e que ista forma sexa a republicana.

A satisfacción dos degoiros nazionalistas, o seu verdadeiro trunfo debe constituíre, por encol de todo, un meirande acarramento do pobo ao disfruite da súa efectiva e non mediatizada soberanía. Coa imprantación das fórmulas e demandas nazionalistas se vai en dereitura a que a participación do pobo en todo aquilo que se relaciona cō seu propio goberno e dirección sexa unha prena realidade, e non mera ficción como acontece nos grandes xuntoiros de vontades nazonaes sometidas a un patrón de vida única que se chaman Estados unitarios.

I-é por iso pol-o que se pode decire, sen

temor a trabucacións, que o nazionalismo si ten de responderle lealmente ao que n-esenza é, ou sexa emancipación da colectividade previa emancipación das individualidades que a constituén, por forza virá a manifestarse por encol de todo e denantes que nada como traducción en feitos dos magnos postulados democráticos, ou como verdadeira i-efectiva realización da democracia. E como a democracia é o goberno do pobo pol-o pobo mesmo e iste soio pode realmente gobernare cando vive baixo un poder que é obra sortida das suas maus, e por tanto froito eiscrusivo da súa vountade soberana, de ahí que samente baixo a república, única forma de goberno onde tal ocorre, poida o nazionalismo, ample eispresión democrática, atopare doada realización pra os seus degoiros mais caros.

Eis, irmáns no redentor ideal, o que n-iste Día da Galiza que anda á pasare, se me ocorre decirvos por consideiralo axeitado.

RAMÓN VILLAR PONTE.

SOLIDARIDADE

Non esquencerei aos tres xorobados que vivían na vila de Sada cando eu era un rapaciño. A súa conduta, a súa honradés, e o sofrimento que se refrexaba nas suas caras, espertaron no meu corazón a mais fonda amizade e simpatía.

Pedro era mestre d'escola; Pepe, tiña unha barbeiría na rúa da Ponte, á beira do mesmo río, e Xurxo ganábase a vida tanxendo un acordeón nos bailes que a mocidade facía no lugar da Tenencia, nomeado así porque n-él había un caserón que n-outrora sirvira pra gardar as rendas dos Condes d'Andrade.

É unha sinal de baixa crianza nos cativos cando fan bulra e escarnio dos malfadados pol-a fortuna; mais, o que non se pode sufrir, é cando ese torto instinto vive nas almas da xente de maor conocimiento.

Na vila vivía un mozo talludo, chamado

o Larato, que s'adicaba decotío, en compañía d'outros lampantís, ao sport de facer mofa dos xorobados. En verdade, que a vida facíaselles imposible. Cando Pepe estaba afeitando, coteneábanlle nos vidros pra que cortase ao parroquiano; á Xurxo guindábanlle o acordeón pol-a xanela do salón, é Pedro, o mestre, vivía comprometamente abafado pol-as verbas que ll'adicaban, das que, a mais limpa era a de famento, como se ter fame fora un delito persoal e non unha desigualdade social na que todos temos responsabilidade.

Mais un día, o sentimento de solidariedade que xurde entre os que son vítimas d'unha mesma anguria, xuntou os tres eivados no areal, ao rente d'un vello galeón, que amparaba das furias do vento leste; alí, ao pairo, comenzaron unha longa conversa, en que

se contaron todol-os aldraxes de que eran obxeto pol-as acucias do Larato, que era quen xuntaba, encirrando como á cãns, a todol-os nenos mal criados, contra dos tres xorobados.

—Fai tempo—dixo solenemente Pedro o escolante,—que eu tiña deseios de vos falar d'esto, co'a fin de nos poñer d'acordo pra castigar no Larato todal-as xudiadas que sufrimos. Como nesta vila, por ser pequena, non hai policía, e as autoridades non teñen idea da súa misión, nós estamos á mercede dos mal criados, dos faltos de corazón, dos malos cristiáns que en vez de piedade e compasión sólo teñen aldraxes pra os leixados da fortuna. A nosa defensa e redención está en nós mesmos. Un xorobado, por sí só, val pouco; dous, postos d'espalda un pra o outro, gardan a súa imperfeición e dan cara á un home; e tres, coma nós, podemos dar conta do Larato, e facer, d'este xeito, un xusto escarmentó que deixe lembranza por moito tempo.

E postos d'acordo, apostáronse unha noite na ponte, preto da casa onde tunaba o Larato. Este saeu, e ao ver aos tres xorobados fixo d'eles bulra, dicíndolles:

—Seique agardades pol-o trasno. Vaia, ho, que mesmo pareceades os cabezudos de Betanzos ollando por un vidro de diminución.

—Agarda un pouco, Laratiño; e xa verás como che van saír xorobetas na testa, que mesmo te has de lamber de gusto.

E os tres eibados, cada un con un pau de toxo, moi xeitosiños, caeron sobre do Larato e mallaron n-el hasta que o deixaron esmendrellado.

Desde entón os tres xorobados paseaban pol-as ruas de Sada, pamperamente, ollando a todol-os badulaques que dinantes os aldraxaran, con certo aquel de superioridade, ben demostrado no lombo do Larato.

O milagre foi feito pol-o sentimento de solidaridade!

M. LUGRÍS FREIRE.

BARCAS PIADOSAS

Para os pelegrinos que, nos bos tempos da Xerusalem do Oucidente, viñan a ela e d'ela volvían pol-a costa asturá, o paso entre Ribadeo e Castropol non era nada doado, pois percisábase ir bordeando legua e media ou duas, hastra chegar a onde chamaban, e chaman, Porto, en cuio lugar os mareantes ribadenses, avarentos como Caronte, exerceían a eiserusiva dos trasportes entre a Galiza de aquí e a de alén río Eo.

Desexando ouviar eses incomentes, duas ialmas caritativas acordaron, pol-o comenzo do século XIII, establecer un servizo marítimo directo entre ambos concellos; directo e, ademais, compretamente gratuito. Chamábanse os filántropos, Pedro e María Bela; eran matrimonio e vivían en Ribadeo, onde tiñan unha casa «en propio suelo labrada», na que moraba un coengo da catedral mindoniense, que entón radicaba n-esta vila.

Esta casa foi dada, con todol-os seus réditos e por partes iguaes, á dita catedral e ó mosteiro de Santa María do Sar, quedando unha y-outro obrigados a decir dous aniversarios, un pol-o Pedro Bela y-outro pol-a súa muller, e a soster no edificio cedido, a «un hombre navegante que en su barca lleve y traiga, sin carga y sin precio, a los yentes y vinientes por el puerto de San Julián» (Ribadeo).

Así o conta na *España Sagrada* o reverendo e sabio pai Enrique Flórez, quen engade que tan notabre fundazón foi confirmada no ano de 1206, pol-o bispo Payo Cebeyra Peláez, segundo do seu nome na Sé mindoniense, y-o único que a rexiu durante a permanencia d'ela en Ripa-Evü, como se decía entón.

O señor Villa-amil e Castro comentou en algunha das suas obras o establecemento da

barca ribadense, loubándoa e incruíndoa na categoría das *barcas piadosas*.

* * *

Tamén, tamén os peregrinos de hoxe, para acercarse ás orelas ambizoadas, teñen xentís barcas piadosas: as piadosas barcas desta A NOSA TERRA, do Seminario d'Estudos Galegos, de «Nós», das editorías e agrupacións que, sin carga e sin prezo —ou, pra que o demo non se ría, con moitísimas cargas e con prezos tirados, como din na Arxentina—, van pouquiño á pouco empuxándonos cara a Terra que desexamos.

Mais, os «homés navegantes» de agora, percisan o auxilio de tudol-os peregrinos,

pois a marea tira y-o remo pesa. Hai que bogar con iles, poñendo todo o intrés na estrobada.

Fagamos algo práctico. Comencemos —deixando xa os símiles a un lado— por transformar o Día de Galiza en día do libro de Galiza, orgaizando a venta d'il de xeito semellante ô que autores y-editores imprantaron en París, en Barcelona e, derradeiramente, en Madrí.

Preguemos a Deus, pro deamos co mallo. Coido que sóilo eisi poderemos chegar á ter a nosa casa, como a tiña o matrimonio Bela, «en propio suelo labrada».

F. LANZA ALVAREZ

Ribadeo, 928.

SINFONÍA DE CEGOS EN CINCO CADROS

Música de cego. Un telón, un punteiro e unha nena que berra adurmilada: «Quen quêr outra!... Unha, un can; duas, tres cade-las!... ¡Quen quêr outra!»

I

Camiño do San Benito de Cova de Lobo, congostra arriba, trepan os romeiros, peregrinos da fé. As once da noite... a unha da mañá... as tres... e mais peregrinos, e sempre peregrinos, tecendo o rosario do miragre. Eiquí un aturuxo; acolá un alalá espantando medos nas tebras. Uns van en procura do miragre; outros agradecel-o xa feito. Choran os minifios entangarañados; dormen nos brazos das nais pelegriñas, os desentangarañados.

Sobor d'unha laxe que está no camiño, a I-ALMA de Curros esculca o rosario de luces acesas, doas do miragre; está caviloso e tristeiro, i-entre dentes rezonga de vez en cando: *inda non pasaron, inda non pasaron*.

II

Xa parpadexa o ceo e a mañá esperta.

Os romeiros siguen congostra arriba, suorosos, abafantes, cos miniños nos brazos. Agora xa son as formiguiñas do Santo miragreiro que, en ringuileira infinda, serpentean o monte. A I-ALMA de Curros érguese na laxe, i-en duas alancadas traspón a distancia que da Ermida o sopara. O ffo abrancuxado da sua i-alma fura pol-o burato da pechadura, que inda senon abriira. O Santo, que o viu, desce surrinte do altar, esquecendo nemigas, e déitalle un bico na *estrela*.

—*Ahí tel-os doentes*— rosma encabuxado Curros.

—*Coitadiños! ¡Qu'el Señor m'axude... ¿Hai moitos?*

—*Moitos, moitos!... e non viñeron ningús.*

—*Non te entendo, Poeta; ¿pouco traballo?*

—*Ven!*

III

Cando o Santo viu aló, o fondo, o inxente penedo de tantos miniños rodeado, some-llando sosterse sobor d'iles; cando tanta cristiandade abarcou bulindo ô redor da Ermida, carregadiñas d'ofrendas, ollou pro Poeta e dixo:

—*Ai! Curros, chégache ben!*

A I-ALMA de Curros; que estaba pulsando o bordón da súa lira, estridente e *xusticeira*, alongou un brazo somellando chegar o infindo; e así d'ise xeito foille mostrando o Santo milagreiro, lugares, vilas e cibdades... Cásique tod-á Hispania. Diante tal esputáculo esbaíanselle as forzas ó Santo. Agarrouse ó Poeta, e rezoulle tristeiro os oubidos:

—*¡Ai, Curros querido; canto entangarañado, canto entangarañado!*

—*É perciso curalos, Benito.*

—*Non podo; non podo!... Tangaraños nas almas!... Non podo... Somentes corpos sano.*

IV

A I-ALMA do Poeta sumíuse n'un canto gregoriano. Badeladas a morto soaron dende a cidade ó agro, e das cordas da súa lira saen chorros de salaios. Olla pro Santo milagreiro, i-o vel-o, co aquel aire seráfico, mirando pro penedo, inquire:

—*Que miras?*

—*Coitados!... Pra tanto miniño entangarañado.*

—*Que pensas fagaer?*

—*Curalos.*

O bordón da súa lira soa axigantado, pulsado pol-a I-ALMA ceibe do bardo:

—*Curalos hoxe pra vel-os mañá entangarañados? Si non has de cural-as almas, Santo solitario, non seas ciruxano. Déixaos que morran ou ¡mátaos!*

V

A I-ALMA de Curros, en ás da súa musa rebelde, voou hastra o infinito, enrabechada.

O Santo milagreiro, o Santo solitario, trepando pol-o graderío do altar, iba escramando: *¡Oh Curros, Poeta, ti tamén es un Santo.*

Logo, pousado xa na cume do altar, ollou pro penedo, e dixo pra si: *Coitados! Canto miniño entangarañado... Coitados! Déixalos que cheguen pra desentangarañalos!*

Música de cego, e unha nena que berra adurmilada: «Quén quer outra!... Unha un can; duas tres cadelas... ¡Quén quer outra!

Ourense.

LEUTER G. SALGADO

SIMBOLOXÍA XACOBEA

A CRÚS, A CUNCHA E A ESTRELA

Sagrados símbolos irmáns, no mito esgreivo do Señor Sant-Iago: N-este día festivo da relixión da Terra, diante da fé do pobo, eu quixera rezar a emoción galega que se encerra en vós. ¡Pregaria civil, afervoada e saudosa, pra ser escoitada pol-os espíritos!



¡A Crús!

Roxa e lanzal preseca do corpo santo da Raza. Ela escoou as súas feridas aínda abertas, coma n-un calis de martirio, nos teus

brazos froldelisados, na tua follá espadeña. Erel-o símbolo do noso secular asoballamento, do calvario do noso pobo, «Cristo dos pobos», que berrou o poeta.

Non te amamos por arma sanguíñenta, por framíxero ferro de guerreiro. Mais porque antano, baixo a tua exida, veu á Compostela a semente da nova Europa, reverenciámoste. Por espóra aguillante das nosas arelas, recollemos o teu pulo de loita. Por brasón ennobrecente da nosa lumiosa tradición, levámoste en carne de curazón tallada sobre do peito.



¡A cuncha!

Frol do mar de Galicia, belida cuncha d'aviñeira. As tuas estrias encostadas a se xuntar, son miniados os agreos camiños da nosa aución a converxer no vertice do Ideial. No nacare do teu seo, cando a vida acaba, colle a i-auga milagreira virtude. Tal, que estrelecendo a estameña dos pelegrinos, lucindo nos portóns das eirexas, garnida nas páxinas dos vellos codices ou nas páxinas líricas d-hoxe, tés aínda unha unión bautizante, rexeneradora. Sellal-as cousas que te levan co-a gracia mareira da tua orixe natural e co sopro diviño do teu orixe simbólico.

Cuncha xacobeá, feita de escumas atlánticas, recendente a salguía: En tí, vaso ancestral e sagro, han de pousarse sempre as sedes esligadoras das nosas amarguras.



¡A Estrela!



¡Sagrados símbolos irmáns!...

Triada da materna leenda, constelación resprandecente da Crús, da Cuncha e da Estrela: ¡Luce por sempre enriba de nós, guiando cara unha alborada de trunfo os destiños históricos da Terra! Amén.

V. PAZ-ANDRADE.

X A V A N P I N T A R A S U V A S

Dend'a solaina, que cai sobr'a horta, vexo as viñas enramazadas e emperifolladas compostas cos polvos azúis do xofre e a auguiña meío branca da sulfata. Todal-as mañás ò romper o día e todal-as tardiñas pol-a fresca, saio a esta solaina ribeirán coa ilusón de ver cómo os acios empezan a pôrse roxos co este sol ardente do Sant-Iago... E dam'o corpo que un día cualquier, cando menos un pense, por entre as follas verdes das cepas retortas ha fulxir o roxo festeiro que prevén a vendima.

Dend'a vella solaina do meu isolamento, eu ollo, noite e día, pr'os penedos das ermas serranías e pr'as pretas fonduras dos vales, agardando a hora de chamar ós mozos pr'a vendima. Xa o sol ardente ten queimada a terra e posta en sazón a colleita; xa sopra

o vento abafante da sesta; xa se van afundindo en seu sono de morte os derradeiros capataces, xa samente se escoitan os latidos dos cás que gardan o eido... Todo dí que imos vendimar.

Cando as uviñas pinten, meus amigos, e os picalos-cardos revoen rente dos culeros, eu só vos pido irmáns que cantedes voso alalá mais algareiro e votedes ó vento voso aturuxo mais forte, pra animar ó vello vendimador que día e día está a espera de encher o lagar co roxiño quente das cepas vellas.

ALVARO DE LAS CASAS.

Santa Cruz de Arrabaldo. MCMXXVIII.



*Dixo ben e dixo muito
a fala da miña terra:
«Eu estaba enamorada
das miñas parolas meigas,
e tñame por fidalga,
boa moza e falangueira,
i agora atristada souben,
—ainda nunca o soubera!—
que cangada polos anos
e cheñna de laceiras,
vou morrer, e por min tangen
as campanas das igrexas,
e que inda algúns. Deus llo pague:
vanme facelas exequias.
Desque tal ouvin n'acougo
sinto unha dor, unha pena,
i unhas maternas tan fortes
que ja non podo rejelas.
Qué mal eu fixen, Señor,
para que desa maneira
boten riba do meu nome
cativoeces a moreas,
e me traten cal vediza
filla d'unha terra allea?
Son nativa destes eidos,
son galega e ben galega,
i o meu sangue é sangue nobre
polo bérce i a nacencia:
acalantaranme os reis,
abalaronme princesas.*

*Non conquerin os meus timbres
entre o balbordo das guerras,
que foi na paz do traballo
das gentes da miña terra:
no ligón do labrador
e na dorna mariñeira.
O meu pazo erguese altivo
na soedá da devesa,
que eu son rosa da campía,
recatada mol e testa:
nin un lixo hai no meu sangue
que escure a miña nobreza.
E inda hai algúns que me teñen
por albúrdiga e monfeira!
Non falaran dese geito
se millor me coñeceran;
quen non coñece non ama
i o que non sabe amar leva
agàrimada no peito
a pezoña da xenreira.*

*Ao meu corazón doído,
á miña alma sinjela,
dadeslle pena traidores,
afe que lle dades pena,
pois no mesmo voso chan,
sodes almas extranjeiras.»*

V. TAIBO.

(Inédita.)

De "Enxangadas" libro que se vai a publicar.

O CABALO DO APÓSTOL SANTIAGO

Antr'os pelegríños que viñeron a Santiago na Era de mil cento noventa e dous, cóntase que na mescolanza dos das moitas nacións d'Ocidente presentáranse uns homes barbudos que levaban porras na mau ferradas nas puntas con osos de morto, tan ben apechambradas qu'era unha lindeza o velas por que non se parecían á ningunha de todas as d'aquiles tempos. Eles, coma ser, eran ben estatuarios ó par que xigantescos. Inda qu'as barbas dabenlle certa ferocidade nativa, as caras tiñan unha coor de branca xuventude e iban arroupados con pelicas d'osos e garamallos d'encaixes pol-agorxa e as mans. Sen dúbida quixeron presentarse n'aquel arroupo póndo os ollos dipromáticamente á facer boa comparecencia ant'a meiga cibdade do Santo Pelengrino que tanta fama tiña de culta e sábea e que gracias á ela expandallaranse pol-o Ocidente enteiro ós bós *lais* que fixeron na Francia tanto rebumbio, e que logo os franceses envidiosos do novo esparcemento lireco d'onte hastra hoxe teñen dito que nasceran nos seus lars floridos por os lises. Ben. Pois entr'iles viña un neno bonito coma de doce anos e sobre ser bonito tiña non sei que d'algo semellante a un macaquiño. Hachábanse entrando moi ben formados diante ás Platerías e as xentes ollabanlles co-a curiosidade de costume, fixándose n'aquil raparigo que tamén levaba a sua moquiña ferrada con oso de morto e uns encaixes finismos no traxe. Ó entrar na Basílica foi de modo e maneira que se lle uniron unhas tres dúcias de gaiteiros c'unhos tirulirus estremecentes e uns tamboriles inda mais toupeteantes, facendo un concerto orxiástico de folionada que n'aquiles tempos era ben visto por ter asomos de fé, e a Eirexa andaba necesitada de toda crase d'ofercementos en calquera forma pois a custión era d'ir tirando pr'a diante foran cristianos coma si fosen bárbaros. Mais o Señor Arcebispe andaba arranxado c'os

seus humores e inda á mais qu'il non vía con bós ollos ós bárbaros a razón de que tan pronto facíanlle cóxegas ó papa Romano coma ó patriarca bizantino.

A cousa foi pr'a diante e o pobo enterouse non sei de que modo (eu creio que por as estrelas ou pol-o luar cando se pon ollando no monte hourizonte) de c'aquil macaquiño neno era neto d'un zar búlgaro moi aprisa convertido. Entón foi de ver ós arrumacos e zaramacatranas que lle faguían as xentes, e as carantoñas riseiras que lle puñan os calóndrigos c'o aquelas suas papadas de bon xantar e carrillotes inflados coma foles suspirantes. Moitos regalos déranlle, e por cada un que rescibía o neto dos búlgaros non puña cara de satisfacción. Entón un guerreiro d'aquiles da sua compañía. Díxolle:

—Pero tí ¿qué é o que diantre queres?

I-o neno, c'o a gravidade máxeca d'un oriental, dixo:

—Eu quero ter o que ten o cabalo do Apóstol Santiago.

O guerreiro quedou visionareo n'un momento relampaxante e púxose a rír con risa tan desfogada c'apertaba a barriga. Non se soupo como fora, si por diaño, frade ou muller, qu'os ratos van aparellados, qu'a noticia do conto correu sin parar por todol-os tellados de Compostela e certa florida mañán actuou de soplete nas orellas do Señor Arcebispo. O prelado púxose tamén á rír e aixiña riu o seu camareiro, todol-os criados, o capítulo enteiro, os feles pelengriños, a cibdade e hastr'as pedras seculares. O caso non era pra menos por que tratábase d'un netiño do Zar dos Búlgaros que tiña a corte en Tirnova, prósima ó Monte Athos, cheo de frades moi místecos de verdade e sin mezcla de papuxerías. E entón o Arcebispo quixo darlle un rescibimento d'honor no seu pazo.

Non houbo protocolo; e sin tempo que perder que o pelerinaxe demorábase xa moito, unha tarde dempois d'unhas visporas solem-

nes d'un Santo doctor grego, os bárbaros fixeron a súa pacífica invasión no pazo, levando coma unha xoia o meniño, que custodiaban con veneración patriarcal.

Era de ver a sala arcebispal n'aquel tempo. Non era de preciso com'as que tiña o seu pai, mixtura de tenda de campamento e de caverna rusa, ornada con cornos de bois, lenzos e escudos de coiro sobre follas de bronce, e inda á maneira de trofeos algunhas reliquias de marfiles bizantinos e mosaicos roubados nas igresias ortodoxas d'Asia Minor, onde por tantos anos habíannas desmendrellar as ordes dos seus abós. O rescebimento que lles fixo o Señor Arcebispo parecía un estrado da xusticia c'os lenzos da parede espídos, por onde campaban algunhas esculturiñas de Virxes, con nenos no colo e que moitos d'iles tiñan a cabeza mais grande qu'a da súa nai. Algún tapiz c'os relatos da Troya perdida e uns sillóns de mosteiro ben fortes e con serpes nos brazos, botando unha língoa de tres cuartas ós circunstancias, era todo. As xentes dicían que aquelas línguas d'ornato eran postas pol-o prelado pra calar as murmuracións con que lle fendían os tímpanos á diario.

Os búlgaros incáronse nos ladrillos do chao e o meniño fixo o mesmo con moita gracea. Dempoís dos complementos e dos refrescos entablouse unha conversa ripinicante antr'o Señor Arcebispo e o neto do zar.

—¿Coma te chamas?

—Xan Coloyán.

—¿Quéreste quedar antre nós?

—¡Ay eso non!

—Eiquí podes ser un gran guerreiro do que estamos ben necesitados ou pódeste facer frade e chegar a Arcebispo.

—Non. Eu non quero nada sinón unha sola cousa —dixo o rapaz moi sereio tendo suspendida d'un fio de risa toda a Asambleia.

—Pois fala.

—Quero o que xa sabe todo o mundo —E repetíu aquilo do cabalo no médeo d'unha algarabía de risa reventante.

O señor Arcebispo casi botou fora de si o refresco que tomara e logo póndo unha gravidade xunto unha malicea coma non se desprende en ningunha corte fora a de Roma, díxolle:

—¡Xaniño! ¡Ay Xaniño Coloyán! Quéroche dicir pra que llo contes ó teu pai e ó teu abó o Zar, e á todo o teu país, como eiquí achámonos n'unha grande necesidá por mor d'esa cousa que ti desexas. Esa cousa fóinos roubada e agora estamos sin ela. Veu de súpeto un capitán e mutilou o cabalo porque dicía qu'il tiña mas dereitos qu'o mouro Almanzor que s'había estrevido a facer algo somellante. Mais eu creio que si o búlgaro, teu pai, quixésenos pôr á bó recaudo, debíanos enviar unha semente de cabalos das suas estepas que sirviran pr'algo mais que pra ornato da nosa Egrexia. Bendeciriamol-os, e o seu aspecto nobre sería espello d'aptitude pra un novo heroísmo que está rompendo o seu sono por despertarse con forza.

—Pois... —interrumpíu o bulgariño c'uns ollos de fera ó Señor Arcebispo— vostede quéixase con razón. Mais o malo non lle e eso sinón que das mutilacións do cabalo fixeron gaitas. E con gaitas e xirimías; ningun povo vai pr'adiante!

Fixo a cruz e xuróuno coma búlgaro que era.

PRIMITIVO R. SANJURJO

SEÑOR ALBERTE O CASEIRO

De mozo non había en todo Cotovade quen cantase con mais gracea, aturuxase mais forte e bailase con mais garbo a rebeirana que Alberte de Zamar.

E como traballador ninguén o era mais.

Non lle faltaba un inxerto e nadie podaba as cepas mellor nin mais apresada que il.

Casou novo ca moza mais garrida e menos rica da parroquia.

Entraron de caseiros n-unha casa fidalga.

Tiveron tres fillos; dous emigraron e d'iles nunca souperon ren; ó mais novo matárono en Melilla, e a nai morreu, dín que co pesar.

Alberte o Caseiro, sen o agarimo da compañeira, pra esquecer as penas que tiña espetadas na ialma, deuse á bebida.

O que il decía:

—Pasei a vida traballando na viña, agora debe ela ter máñ de mín que xa vou vello.

Axiña conquireu sona ben gañada de borracho.

Era un borracho silenzoso. Sen falar botaba á baixo cantos vasos podía, daba as boas noites e saía da taberna car'á casa; mais ás veces tomaba outro camiño e ía parar ó adro. Pol-a mañán aparecía durmindo sóber da lousa que tapaba a coba en qu'estaba soterrada a sua muller.

Pouco a pouco a moita bebida i-o pouco comer foron enfeblecendo o seu corpo xa vello. E non tivo forzas pr'ó traballo.

* * *

Seus amos levárono pra un asilo de cidade.

Alí pasou medio ano. Andaba limpo, arrombaba a horta, trataba ás monxas con respecto d'home ben criado; i-elas pagábanlle con algunha lambetada.

Mais estaba triste. Tiña o ánemo enfermo. As saudades pol-a aldeia, abafábano.

E un día, pol-a mañán cedo, fuxéo.

Fai pouco atopeino na aldeia.

—E logo, señor Alberte, seica non lle daban boa vida no asilo?

—Daban, home daban. Tratan ben ós vellos. Pro aquela vida, anque regalada, non ch'é pra mín, afeito a faguer o que me peta. Hai que comer cando é hora, dormir cando mandan, erguerse cando toca unha campaiña... E logo non se pode sortir da horta mais que pra ir ós enterros, vestido de gabi-que e de chistera, cousas qu'eu somentes puña pol-o antroido, cando era novo... Ademais eu tiña moita pena ¿sabes?... Non miraba estas veigas, nin ollaba xentes coñecidas de sempre. E non dán viño, mais qu'un vasiño os días de festa... I-aquí, meu amigo, sempre s'atopa quen convide a un neto en que poder afogal-as penas.

* * *

Hoxe soupen a nova.

Señor Alberte o Caseiro saíu o domingo da taberna tomado de bebida. O luns apareceu morto no adro.

Enriba da lousa que tapa a coba en que foi enterrada a sua compañeira.

J. NÚÑEZ BÚA.

Unha obra de colaboración

No noso día falemos de unha empresa de cultura galega. Regalemos á Terra con ouro fino. Hai unha cencia nova que se chama Etnografía, que é cencia desque o mundo se decatou da importancia do elemento popular. Aínda hoxe hai xente a quen istes estudos mozos aínda e con infindos espacios por diante parécenlle cousa de rapazes ou cando mais—con moi boa intenzón—manías de coleccionista. A esa xente nada. Hora é de non mostrar á todos o que se sabe, non por egocentrismo, nin soberbia, senón por eco-

nomía de tempo. Como lle íbamos a explicar a esa xente o interés que ten a colleita das formas dos pans e as medidas e marcas do pobo n'eles ou o estudo dos nosos tatuaxes, ou a evolución da roda... Fai pouco dixéronme que istes estudos eran *inúteis* pol-o *mal gusto* das manifestazóns populares. Mais eu díxenlle que había romances de ce-go—aituales por non ir os tradicionais—que aventallaban en moito a ese millón diario de poesías que se espetan como anuncios en revistas e xornals. (Preparamos un estu-

do en col da supervivencia de asunto e forma dos antigos romances nos aituales cantos de cego). Falo adrede dos romances e quero loubar tamén os carteles co a maior sinceridade por que sei que son o que ista xente que se entusiasma cheirando as crónicas de Stoporno y Topete, poñen como exemplo de mal gosto. En derradeiro lugar, como seríamos capaces de convencer á estes modistos de que no mundo hai mais calidades que o bonito i-o feio?

O arado, unha fórmula de meiciña popular e o xeito de labral-a terra, son de mal gosto?

A disgracia está en que a Etnografía galega que aínda está na infancia, precisa datos de todo o mundo. Aínda cicais de ises que tan mal lle queren. Somentes pol-o pro-

cedimento de cuestionarios, contestados co-a máxima escrupulosidade e verdade, espallados por toda Galiza se pode començar a traballar. Eso é o que pensa facer a Seizón de Etnografía do S. de Estudos Galegos. É obra de moito tempo pero somos tan mozos aínda que non nos asusta. Os cataláns, os vascos e os portugueses andan á cabeza dos estudos etnográficos europeos. Galicia nada ten feito. Agora mesmo que vamos á mandar á Exposición de Arte popular de Praga? A cultura galega precisa, pra o desenrolo da Etnografía—ista ciencia tan trascendente para a nosa política—a axuda de todos.

RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ

NOTAS D'UN TOLO

Ao recollimento do meu cuarto d'estudo—fiestra aberta ás inquedanzas do mundo—chega, nos xornaes o eco do balbordo das loitas entre novos e vellos. ¿Quenes son os novos? Cáles os vellos?

Quixen tomar partido e suminme n'un mundo de cordas reflexiós. E houbera logrado catalogarme, como un vello pergameo, si no meu entoleirado esprito non xurdira a pantasma da dúbida.

—Os novos... ¡qué cousa mais vella iso de chamarse novos!

Outra vez o problema da lingua púxose enriba do tapete. A fonética, a grafía, o celta, o latín, o grego, o *x* a *j*, bailan nos meus miolos unha embruxada muiñeira.

Teño remordementos da miña incultura. Enseñádeme o latín. Enseñádeme o grego. Traédeme Dicionarios e en troques direivos o meu segredo.

Quero saber o que quer decir unha soia verba:

Filoloxía.

Por que de todo canto lin, saquei en limpo, que filoloxía... quer decir: *agresividade no linguaxe.*

¡25!

Día de Galicia.

E os meus amigos non queren nin lembrarse do Sant-Iago con espada e cabalo blanco.

Eu tamén opinaba así; mais direivos que unha vez quixen adeprender Historia dos beizos do pobo. E atopeime que para o paisano galego, os castros son dos mouros; os camiños románs son dos mouros; os castelos medioevaes son dos mouros; e cando non saben a data d'un feito din «no tempo dos mouros», eu coído que dentro de pouco a Invasión francesa, teráse realizado no tempo dos mouros.

E deduxen que pra eles o que lles somella estrano, fixérono os mouros; é decir os alleos invasores.

Eu dende entón lémbrome á miudo do Sant-Iago mata mouros.

F. A.

O Crego e o Sancristán

Unha noite de xiada
indo un crego pra cibdá,
tivo que baixar no monte
pra facer unha casual;
e despóis da casual feita
volveu o crego á montar
no seu cabalo pequeno
e foi seguindo pr'alá.

Chegou cabo do fielato;
e no paso, que hai que ollar,
topóu c'un fol enmeigado
que iña pr'adiante e pr'atrás.

Baixouse da besta o crego
pra no bulto ben palpar
e palpando, pol-o baixo,
dixo na fala da nai;

—¡Léveme o demo! ¡Qué vexo!
¡Brás de Cora feito un cán!

—Cale, meu crego quirido,
non fale —dixolle Brás,
o sancristán da parroquia,
home espelido se os hai—
pois levo no fol comigo
unhas cousas de gardar

e teño moito mediño
que m'as vexa Nicolás,
un galopín tabernáculo
que non fai máis que apurar
bos netos de viño branco
a conta d'outros...

—¡Caray!

Pois xa non digo, e calando
imos xuntos pra cibdá,
que c'o contrabando d'hoxe
inda se pode ganar
pra manter a moitos nenos
famentos, fillos sen páis...
Eu, como crego da terra,
douche a bendición papal.

E co fol no cabaliño
fóronso indo pra cibdá;
non faladores, rezando
pol-a axuda que Dios fai.

X. FERNANDEZ MERINO

A Cruña.

C O U S A S

Falando algunha vegadas con xentes que viven ao marxe do rexurdimento actual de Galicia teño ouvido a miúdo que non é certo que atualmente fálese mais en galego nin que Galicia esteña construíndo unha cultura propia. A cousa deume que pensar pois como eu estou convencido de que Galicia vive uns momentos de maravillosa aitivida-

de rexurdidora reintegrándose ao seu propio ser cheguei a dudar e pensei si o que nós decimos e lêse a cotío nos xornás encol do caso sería froito do noso outimismo.

Meditei serenamente e tirei a definitiva conculsión de que é certo o que nós decimos. Que de poucos anos acó o progreso en todol-os ordes verificado na vida de Galicia

con respecto ao seu rexurdimento racial é unha realidade que non ten discusión. Os feitos cantan con unha elocuencia abrumadora. E pensei mais, pensei que non deben importarnos as opinións dos que non demostran intrínseco interese en ollar a realidade e din que Galicia non progresa no aspecto cultural e ideolóxico porque faillo decidir a súa antipatriótica indiferencia. E como vexo que os que opinan en contra de nós non fán nada por contrarrestar o que nós facemos en materia galeguista senón que se deixan estar comodamente quedos, pensei tamén que ha de chegar un momento, mais ou menos longo, en que por virtude da realidade ollaránse envoltos n'ela e necesariamente terán que ficar despois tan convencidos como nós xa o estamos hoxe.

E si aínda despois non queren convencerse, que non se convenzan «jaló eles!» Pero o certo é que cada día que pasa a súa opinión ten menos valimento e despois xa non terá ausolutamente ningún.

Algunhas vegadas fala un tamén con xen-

tes que son furibundos antinacionalistas e que teñen en todo momento nos beizos o universalismo, a necesidade d'un idioma único, o esnaquizamento das fronteiras naturais, a condenación para o rexurdimento dos idiomas rexionais, o atraso que según eles supón o avivamento do sentimento nacionalista e outros tópicos pol-o xeito.

Así pensan casi sempre, normalmente, pero un bñ día un equipo de fútbol hespañol fai o ridículo n'un torneo universal ou Uzkudun anda a puñetazos con un extranxeiro e entón automáticamente e como se lles apretaran un resorte revive o seu patriotismo, o seu nacionalismo n'eles e comentan emocionados cando Paulino ganou por puntos ou por K. O. ou laianse dñridos cando o equipo de fútbol sucumbeu ante outros equipos milliores pero que son extranxeiros.

D'este xeito e somentes para cousas de ningunha importancia sintense patriotas non o facendo endexamais para cousas de mais elevada concepción espiritual. Ahí tendes un tipo moi de actualidade dino d'un concenzudo estudo humorístico.

VICTOR CASAS

FOLLAS NOVAS

O ESTUDANTE (terceira parte de «Os camiños da vida»), por RAMÓN OTERO PEDRAYO.

A nosa arela tivo xa cumprida satisfacción. Xa chegamos ao final da formidabile novela do noso ilustre gran Ramón. Pouco temos que ampriar ao dito cando a aparición dos dous primeiros tomos. Ratificarnos no dito de que é unha novela sinxelamente maravillosa, que non tén nada que envexar á ningunha das boas da literatura hespañola e que dá honra e prez á galega.

A opinión de toda a prensa de Galicia e de moitos escritores que encol da obra falan está enteiramente coincidente en reco-

nocelo así e en adicarlle a ela e ao seu autor as merecidas gabanzas. Nada mais hai que decidir se non é aconsellar a todos a lectura do libro e sentirse orgullosos como galegos de contarmos na nosa literatura con un libro de tan inmenso valor.

A aición de «O Estudante» desenrólase casi toda ela en Sant-Iago e dá ocasión ao seu autor para nos describir, d'un xeito novo e hasta agora desconocido, a vida compostelán. Pero non a vida compostelán de estudantes ao xeito «Casa da Troya» senón a alma compostelán nos seus currunchos mais íntimos con total-as maravillas espirituais que encerra.

Béleza maravillosa que fai acrecentar a prosa policromada, de «Pórtico da Groria»,

engaioladora e emocionante pol-a forma e pol-o fondo do gran Otero Pedrayo.

En resumo «Os camiños da vida» é unha obra que necesariamente hai que ter sempre á mán para deleitarse con frecuencia lendo calqueira dos seus capítulos ateigados de beleza, emoción e cultura.

Saudemos con satisfacción imponderable a gran novela, orgulo de literatura galega, e teñamos para o seu ilustre autor as verbas admirativas e agasalladoras que merece. E agora a cobizar que a enorme aitividade de Otero Pedrayo siganos levando por outros camiños literarios tan maravilhosos como «Os camiños da vida», a xurdia novela que sinala unha efemérides gloriosa na historia da cultura galega.

CONTO DE GUERRA, por
CAMILO DÍAZ BALIÑO.

O gran pintor i-escenógrafo que ademais é un gran literato tivo a boa idea de escribir un conto sinxelo e cheo de emoción que adicou ás escolas da «Irmandade» cruñesa e ao seu mestre Anxel Casal. Editouno NÓS n'un libriño* apaisado maravilhosamente impreso con unha portada e varios dibuxos en cores do mesmo Camilo Díaz, que así nos amosa unha vegada mais a súa valía nos dous campos literario e pictórico.

O conto ben escrito con un linguaxe esmeradamente cuidado e propio para enfeitar aos nenos, aos nenos galegos que despois de «As Roladas» de Cabanillas deixamos esquecidos, e tamén para emocionar aos homes.

Os dibuxos que lle dán marco e adornan son propios do seu autor que n'este aspecto tantas veces nos tén entusiasmado.

Ledos e rebuldeiros como os mesmos nenos a quen o entrañable Camilo adicou o seu conto enviámoslle o noso parabén pol-a boa idea e a renovación do noso cariño sempre grande e sempre sincero.

AS MARIÑAS DE SADA, por
MANUEL LUGRÍS FREIRE.

O noso querido irmán e vello loitador galeguista ousequiano con un folleto así titulado que el escribiu en homenaxe á sociedade «Sada y sus contornos» en correspondencia pol-o agasallo que aquela sociedade e en xeneral o pobo de Sada adicoulle no pasado mes.

Trátase d'unhas inspiradísimas composicións poéticas agradecendo o homenaxe e cantando as belezas da terra mariñán e as sublimidades da fala galega. Un anaco de cousa cordial, sentida, emocionante e bela e d'un elevado e fondo patriotismo. que nos revela novamente a grandeza de alma e sentimentos do gran patriota e a súa xa reconhecida capacidade poética. Algo que ademais da súa valía produce emoción pol-a sinxeleza e nobres sentimentos en que foi inspirado.

Agradecemos o ousequio ao querido irmán. Ao mesmo tempo que lle renovamos a expresión da nosa querencia e satisfacción por estes homenaxes que en pago da súa vida de patriota ten cumpridamente merecidos.

DÓLMEN, por URBANO R. MOLEDO.

Un libriño de versos galegos que acaba de aparecer moi ben impreso en Vigo. Vintaoito poemas que din craramente da calidade poética do autor, a quen non conosciamos nin de nome, que si comenza agora faino de maneira prometedora. Feliz inspiración e se cadra non moi elevado gusto, para un poeta, na elección de asuntos e deficiencias na lingoaxe. Mais non por eso «Dolmen» deixa de ter o seu mérito. Ao seu autor recomendámoslle perseverancia e fará cousas boas.

Agradecemos sinceramente o exemplar que querendosamente nos adica.

Este número foi revisado pol-a censura

De Irlanda

Plácido R. Castro, o noso irmán e distinto escritor galego, ven publicando no «Pueblo Gallego», uns intresantes artigos encol de Irlanda onde atópase. N-eles danos a coñocer de maneira exaita o desenrolo do patriotismo irlandés e o actual momento de reconstitución formidabremente progresiva do Estado da illa irmán. O Estado irlandés que está reconstruíndo unha gran nación moderna, adiantada e libre e preocupándose de fomentar o celtismo.

N-unha carta Plácido R. Castro dícenos que ao visitar ao profesor Eoin Mac Neill ex-ministro de Instrucción pública e ex-presidente da Cámara, orgaizador dos Voluntarios irlandeses e gran historiador recibeuno co-as seguintes verbas: *¡Canto me alegro de recibir á unha persoa que vén de Galicia. É vostede da terra dos nosos antepasados!*

Ahí tendes unhas verbas que teñen de producir en nós gran emoción e feiteiceira ledicia.

En Irlanda, pobo que tén na lembranza a súa historia esgrevía, lémbrense da nosa Galicia con amor como pobo que é irmán de raza, da raza celta que n'esta hora rexurde vigorosa chamando aos pobos do mesmo sangue para unha cruzada xenerosa e humanitaria ateigada de progreso e cultura.

Galicia, ao reintegrarse á súa propia alma, como xa agora o vai facendo, tén un gran papel na xesta que alumeará ao mundo en anos vindeiros e non lonxanos.

Vaian estas verbas ao gran pobo irlandés en ofrenda de amor, admiración e promesa.

EN BÓS AIRES

A RÚA DE ROSALÍA CASTRO

Xa temos dito aos nosos lectores que a municipalidade de Bos Aires ten acordado dar o nome de Rosalía de Castro a unha rúa da capital arxentina. Noticias que d'aló nos chegan confirman o feito como cousa xa real e dinnos da ledicia que a cousa produxo entre os galegos emigrados n'aquela república. Ao mesmo tempo eles piden aos Concellos galegos que para corresponder ao homenaxe tomen o acordo de dar ás rúas galegas nomes de destacadas persoalidades arxentinas. N'este empeño ven autuando o Sr. Manuel Barreiro que xa se dirixeu a varios concellos galegos.

Compre que a súa iniciativa sexa recollida entre nós co mesmo cariño que alí foi acollido o homenaxe á nosa insigne cantora.

Imp. NÓS Real, 36-1.º A CRUÑA

X. CALVIÑO DOMÍNGUEZ

ABOGADO-PROCURADOR
CANTÓN PEQUENO, 1-(OFICINAS)

Teléfono, 581.

A Cruña.

EFECTOS NAVALES

de

FERRER E COMPAÑÍA - SUCESTORES

F. Bertrán e Mirambell

VIGO E A CRUÑA

(CASA FUNDADA EN 1868)

Artigos xenerás para equipo da Mariña militar
vapores, barcos de vela e pescadores.

Grandes Almacenes de Tecidos

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIONS

INMENSO SURTIDO EN PANOS DA REXIÓN E EX-
TRANXEIROS CONFECIÓNANSE TODA GRAS DE
PRENDAS PARA MULLERES, HOMES E NENOS

San Andrés, 41 e 43 -- Teléfono 256

A CRUÑA

FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

FERRETEIRIA, QUINCALLA, MUEBLES, MAQUINAS, PEDRAS FRANCESAS PARA MUIÑOS ETC. ETC.



AGUAS DE
MONDARIZ

FUENTES DE GÁNDARAY TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en total-as
Boticas, Droguerías,
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurans e
vagós-camas de
todol-os três.

As mais indicadas en casos
de artitrismo, desnutrizón, diabetes,
obesidades diversas, doenzas do
aparello dixestivo, anemia
e neurastenia

Riquisma auga de mesa
gaseada naturalmente.

MONDARIZ - BALNEARIO
a 35 kilómetros de Vigo

Representante na provincia da Cruña, D. Antonio del Moral,

Rúa da Amargura, núm. 15

A CRUNA